

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2021, convxunta da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se adxudican as axudas da Orde do 15 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, Programa de doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2021 (código de procedemento IN606D).

A Orde do 15 de setembro de 2021 (DOG núm. 192, do 5 de outubro), convxunta da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, establece as bases reguladoras e a convocatoria de axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas, centros de innovación e tecnoloxía, Programa de doutoramentos industriais.

A Orde do 10 de decembro de 2021 (DOG núm. 238, do 14 de decembro) modificou a Orde do 15 de setembro de 2021.

O obxecto desta convocatoria busca promover a execución de proxectos de investigación industriais definidos entre universidades, empresas e centros de innovación e tecnoloxía como base para a realización dunha tese de doutoramento, asumindo, por tanto, a contratación de estudiantes de doutoramento que realizarán neste marco a súa correspondente formación como investigadores.

Este programa de doutoramento industrial permite deseñar e realizar a tese de doutoramento nunha contorna empresarial, orientando o proxecto de investigación que a sustenta á resolución das necesidades e problemas dunha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía concretas. Ademais, fináncianse estadías no estranxeiro de tres meses de duración, co obxecto de que poidan acadar a mención de doutora ou doutor internacional.

No artigo 3 da orde de convocatoria determiníñase quen pode ser beneficiario e, no artigo 5.4, os requisitos que deben cumplir as persoas candidatas ás axudas.



De acordo co establecido no artigo 12 da convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes, o 10 de decembro de 2021 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas y excluídas.

As solicitudes foron ponderadas por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 6 da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 13.

O resultado desta avaliación foi entregado á comisión de selección definida no artigo 14 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para o órgano instrutor en que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a destinatarias das axudas, e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas corresponde conjuntamente á persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación e á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de acordo co artigo 15 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 15 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polo órgano instrutor a partir do informe da Comisión de Selección, reunida o día 13 de decembro de 2021, a través da Axencia Galega de Innovación e da Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, Programa de doutoramentos industriais, convocadas pola Orde do 15 de setembro de 2021 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I desta resolución, no cal se reflicte tamén a zona de estadía concedida para as persoas que a solicitaron.

No ámbito das empresas concédense 12 axudas e no ámbito de centros de innovación e tecnoloxía concédense 3 axudas, de acordo co indicado no artigo 14 da convocatoria.

Segundo. Establecer unha lista de espera, que se inclúa como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios establecidos no artigo 14. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola Comisión de Selección.



Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumplen os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 29 de decembro de 2021.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamento recollida no artigo 25 das bases da convocatoria, tal como se indica na seguinte táboa:

| Entidade beneficiaria | Nº de axudas | Aplicación orzamentaria e código de proxecto | Crédito (en euros) | | | | |
|------------------------------------|--------------|--|--------------------|--------------|--------------|--------------|----------------|
| | | | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | Total |
| Empresas | 12 | 06.A2.561A.470.0 (2016.4) | 12.000,00 € | 300.000,00 € | 346.000,00 € | 288.000,00 € | 946.000,00 € |
| | 12 | 06.A2.561A.770.0 (2016.4) | 0,00 € | 60.000,00 € | 60.000,00 € | 60.000,00 € | 180.000,00 € |
| Centros de innovación e tecnoloxía | 3 | 06.A2.561A.480.0 (2016.4) | 3.000,00 € | 75.000,00 € | 83.000,00 € | 72.000,00 € | 233.000,00 € |
| | 3 | 06.A2.561A.781.0 (2016.4) | 0,00 € | 15.000,00 € | 15.000,00 € | 15.000,00 € | 45.000,00 € |
| Universidades do SUG | 15 | 10.20.561B.744.0 (2016.129) | 0,00 € | 150.000,00 € | 150.000,00 € | 150.000,00 € | 450.000,00 € |
| Total convocatoria | | | 15.000,00 € | 465.000,00 € | 654.000,00 € | 585.000,00 € | 1.854.000,00 € |

A Axencia Galega de Innovación financiará as axudas que correspondan ás empresas e centros de innovación e tecnolóxicos e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade só financiará as axudas que correspondan ás universidades do SUG por importe de 450.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), que se atopa prorrogado en 2021 ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. As anualidades 2022, 2023 e 2024 integraranse no novo plan de financiamento para os anos seguintes, sempre que así o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán enviar un escrito de aceptación da axuda á Axencia Galega de Innovación, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, e vincularán as persoas seleccionadas ás súas entidades mediante a formalización do correspondente contrato.



Sétimo. O artigo 18 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interexas das poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación e ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

P.D. (Orde do 9.2.2021)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de
Cultura, Educación e Universidade

Francisco Conde López

Vicepresidente segundo e conselleiro

de Economía, Empresa e Innovación e
Presidente da Axencia Galega de Innovación





ANEXO I

Axudas concedidas

Empresas

| Nº expediente | NIF da entidade | Entidade | NIF persoa investigadora doutorada candidata | Persoa investigadora doutorada | Aplicación orzamentaria | Importe (en euros) | | | | | Réxime de minimis (Reglamento (UE) 1407/2013) |
|------------------------|-----------------|--|--|--------------------------------|-------------------------|--------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|---|
| | | | | | | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | Total | |
| 19_IN606D_2021_2609949 | A36924140 | Marine Instruments, S.A. | ***8135** | Sara Recondo Estévez | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | | | Total | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |
| 03_IN606D_2021_2597786 | B15850647 | Balidea Consulting & Programming, S.L. | **9549** | Andrés Piñeiro Martín | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | | | Total | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |
| 04_IN606D_2021_2598528 | A28019206 | Ferrovial Construcción, S.A. | ***6646** | Anxo Méndez Vilar | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 31.000,00 | 24.000,00 | 81.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | | | Total | | 1.000,00 | 30.000,00 | 36.000,00 | 29.000,00 | 96.000,00 | |
| 06_IN606D_2021_2600276 | B70455605 | MD. Use Innovations, S.L. | ***6617** | Alexandre Blanco González | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | | | Total | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |
| 33_IN606D_2021_2613922 | B70326459 | Biostatech Advice Training & Innovation in Biostatistics, S.L. | ***7285** | Jesús Gutiérrez Botella | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | | | Total | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |
| 20_IN606D_2021_2610629 | B36021954 | Insuña, S.L. | ***8368** | Xoel Souto Guitián | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | | | Total | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |
| 09_IN606D_2021_2602026 | B42952028 | Celtarys Research, S.L. | ***2191** | Lucía González Pico | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | | | Total | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |



| Nº expediente | NIF da entidade | Entidade | NIF persoa investigadora doutorada candidata | Persoa investigadora doutorada | Aplicación orzamentaria | Importe (en euros) | | | | | Réxime de minimis (Reglamento (UE) 1407/2013) |
|------------------------|-----------------|--|--|--------------------------------|-------------------------|--------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|---|
| | | | | | | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | Total | |
| 16_IN606D_2021_2608973 | B27464445 | Parteluz Estudio, S.L.U. | ***8004** | Diana Pérez Belón | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| Total | | | | | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |
| 14_IN606D_2021_2607768 | A28197036 | Abanca Servicios Financieros E.F.C., S.A. | ***5726** | Jorge Castiñeiras Rella | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| Total | | | | | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |
| 11_IN606D_2021_2604925 | B70616990 | Bflow, S.L. | ***8795** | Bastián Carnero Groba | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| Total | | | | | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |
| 23_IN606D_2021_2612054 | B15757941 | Cinfo Contenidos Informativos Personalizados, S.L. | ***3677** | Bruno Cabado Lousa | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 25.000,00 | 24.000,00 | 75.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| Total | | | | | | 1.000,00 | 30.000,00 | 30.000,00 | 29.000,00 | 90.000,00 | |
| 31_IN606D_2021_2613745 | 36138763J | Vanesa Redondo Fernández | ***5060** | Adrián Alonso Núñez | 06.A2.561A.470.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Si |
| | | | | | 06.A2.561A.770.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| Total | | | | | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |

Centros de innovación e tecnoloxía

| Nº expediente | NIF da entidade | Entidade | NIF persoa investigadora doutorada candidata | Persoa investigadora doutorada | Código de proxecto | Aplicación orzamentaria | Importe (en euros) | | | | | Réxime de minimis (Reglamento (UE) 1407/2013) |
|------------------------|-----------------|--|--|--------------------------------|--------------------|-------------------------|--------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|---|
| | | | | | | | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | Total | |
| 22_IN606D_2021_2610812 | G36871424 | Fundación Centro Tecnológico de Automoción de Galicia (CTAG) | ***5643** | Rubén Rodríguez Vieitez | 2016.4 | 06.A2.561A.480.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 25.000,00 | 24.000,00 | 75.000,00 | Non |
| | | | | | | 06.A2.561A.781.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| Total | | | | | | 1.000,00 | 30.000,00 | 30.000,00 | 29.000,00 | 90.000,00 | | |



| Nº expediente | NIF da entidade | Entidade | NIF persoa investigadora doutorada candidata | Persoa investigadora doutorada | Código de proxecto | Aplicación orzamentaria | Importe (en euros) | | | | | Réxime de minimis (Regamento (UE) 1407/2013) |
|------------------------|-----------------|--|--|--------------------------------|--------------------|-------------------------|--------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|--|
| | | | | | | | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | Total | |
| 25_IN606D_2021_2612348 | G36997229 | Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIENT) | ***8992** | Martín González Soto | 2016.4 | 06.A2.561A.480.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | Non |
| | | | | | | 06.A2.561A.781.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | Total | | | | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | Non |
| 12_IN606D_2021_2606987 | G36606291 | Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste - Centro Tecnolóxico AIMEN | ***2348** | Miguel Picos Maiztegui | 2016.4 | 06.A2.561A.480.0 | 1.000,00 | 25.000,00 | 29.000,00 | 24.000,00 | 79.000,00 | |
| | | | | | | 06.A2.561A.781.0 | 0,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 5.000,00 | 15.000,00 | |
| | | Total | | | | | 1.000,00 | 30.000,00 | 34.000,00 | 29.000,00 | 94.000,00 | |

Universidades do SUG

| Universidades | Nº de axudas | Aplicación orzamentaria | Crédito (en euros) | | | |
|---------------|--------------|-------------------------|--------------------|--------------|--------------|--------------|
| | | | 2022 | 2023 | 2024 | Total |
| UDC | 3 | 10.20.561B.744.0 | 30.000,00 € | 30.000,00 € | 30.000,00 € | 90.000,00 € |
| USC | 8 | | 80.000,00 € | 80.000,00 € | 80.000,00 € | 240.000,00 € |
| UVIGO | 4 | | 40.000,00 € | 40.000,00 € | 40.000,00 € | 120.000,00 € |
| Total | 15 | | 150.000,00 € | 150.000,00 € | 150.000,00 € | 450.000,00 € |



ANEXO II
Lista de agarda
Empresas

| Nº expediente | NIF da entidad beneficiaria | Entidade beneficiaria | Universidade | NIF persoa investigadora doutorada candidata | Persoa investigadora doutorada | Comunitaria | Zona estancia | Rama de coñecemento | Puntuacións desagregadas | | | | | | | Puntuación total |
|------------------------|-----------------------------|---|--|--|----------------------------------|-------------|---------------|------------------------------|--------------------------|----|----|------|------|------|----|------------------|
| | | | | | | | | | a) | b) | c) | d) | e) | f) | g) | |
| 15_IN606D_2021_2608284 | B70557087 | Icodia Innovación, S.L. | Universidade de Santiago de Compostela | ***0908** | Lucía Úbeda Vigo | Sí | 2 | Enxeñaría e Arquitectura | 20,0000 | 15 | 0 | 16,5 | 14,0 | 0,00 | 5 | 70,5000 |
| 18_IN606D_2021_2609683 | B94194834 | Hifas Foresta, S.L. | Universidade de Vigo | ***7761** | Sarah Bott Vázquez | Sí | 2 | Ciencias | 20,0000 | 0 | 10 | 17,8 | 15,0 | 2,50 | 5 | 70,3000 |
| 05_IN606D_2021_2598838 | B32318354 | Redegal, S.L. | Universidade da Coruña | ***0636** | Miguel Ángel Vilar Rodríguez | Sí | 2 | Enxeñaría | 20,0000 | 15 | 3 | 14,5 | 10,0 | 2,50 | 5 | 70,0000 |
| 02_IN606D_2021_2596931 | B70421797 | I-Grape Laboratory, S.L. | Universidade de Santiago de Compostela | ***4225** | Aly Jesús Castillo Zamora | Sí | 2 | Química | 19,2150 | 10 | 15 | 15,1 | 10,0 | 0,00 | 0 | 69,3150 |
| 07_IN606D_2021_2601477 | B70466537 | Nerxes Quality Solutions, S.L. | Universidade da Coruña | ***0701** | Enrique Fernández Pérez | Sí | 3 | Enxeñaría e Arquitectura | 20,0000 | 15 | 0 | 14,8 | 12,0 | 0,00 | 5 | 66,8000 |
| 08_IN606D_2021_2601525 | B27869270 | Maremal Agencia Consultoría Innovación, S.L.L. | Universidade de Santiago de Compostela | ***9709** | Juan José Gil Fernández | Sí | 2 | Ciencias Sociais e Xurídicas | 20,0000 | 15 | 0 | 16,5 | 10,0 | 5,00 | 0 | 66,5000 |
| 28_IN606D_2021_2613134 | B94175106 | Oden Desarrollo de Sistemas y Aplicaciones Informáticas, S.L. | Universidade da Coruña | ***6945** | Arturo Silvelo Pallín | Sí | 2 | Enxeñaría e Arquitectura | 20,0000 | 10 | 9 | 14,0 | 10,0 | 0,00 | 0 | 63,0000 |
| 30_IN606D_2021_2613697 | B94187028 | Nebodad Farms, S.L. | Universidade de Vigo | ***3064** | Samuel López Novoa | Sí | 2 | Biotecnoloxía | 20,0000 | 0 | 0 | 18,0 | 15,0 | 5,00 | 5 | 63,0000 |
| 29_IN606D_2021_2613313 | B94046455 | Star Electrónica, S.L. | Universidad de Vigo | ***8005** | Marta Gómez Fernández | Sí | 2 | Enxeñaría e Arquitectura | 20,0000 | 0 | 6 | 16,6 | 12,0 | 2,50 | 5 | 62,1000 |
| 26_IN606D_2021_2612842 | B15909328 | Queixería Barral, S.L. | Universidade de Santiago de Compostela | ***2233** | María Flórez Mora | Sí | 2 | Ciencias da Saude | 20,0000 | 0 | 0 | 17,3 | 12,0 | 2,50 | 5 | 56,8000 |
| 01_IN606D_2021_2595760 | B27476498 | 3edata Ingeniería Ambiental, S.L. | Universidade de Santiago de Compostela | ***3711** | Diego Pérez Jardón | Sí | 2 | Enxeñaría e Arquitectura | 19,5576 | 0 | 14 | 10,6 | 9,0 | 2,50 | 0 | 55,6576 |
| 27_IN606D_2021_2613045 | B70531595 | Alfonso Botana, S.L. | Universidade de Santiago de Compostela | ***0603** | Adrián Lorenzo Castiñeiras | Sí | Non se indica | Enxeñaría | 18,9078 | 10 | 0 | 7,5 | 0,6 | 0,00 | 5 | 42,0078 |
| 24_IN606D_2021_2612292 | B27015304 | Álvaro Rodríguez Eiras, S.L.U. | Universidade de Santiago de Compostela | ***8954** | Subhi Subhi Ahmad Mahmoud Salman | Non | 3 | Agricultura | 20,0000 | 15 | 0 | 3,5 | 3,5 | 0,00 | 0 | 42,0000 |



Centros de innovación e tecnoloxía

| Nº expediente | NIF da entidade | Entidade | Universidad | NIF persoa investigadora doutorada candidata | Persoa investigadora doutorada | Comunitaria | Zona estancia | Rama de coñecemento | Puntuación desagregadas | | | | | | | Puntuación total |
|------------------------|-----------------|--|------------------------|--|--------------------------------|-------------|---------------|--|-------------------------|----|----|------|------|------|----|------------------|
| | | | | | | | | | a) | b) | c) | d) | e) | f) | g) | |
| 10_IN606D_2021_2602824 | G27719913 | Fundación Centro Tecnológico de Eficiencia e Sustentabilidade Enerxética (EnergyLab) | Universidade de Vigo | ***1290** | David Gutiérrez Rial | Si | 2 | Xestión Sustentable e Calidade da Auga | 20,0000 | 10 | 9 | 18,7 | 14,0 | 0,00 | 0 | 71,7000 |
| 13_IN606D_2021_2607059 | G15305923 | Fundación Instituto Tecnológico de Galicia (ITG) | Universidade da Coruña | ***1767** | Ángel Niebla Montero | Si | 2 | Enxeñaría | 20,0000 | 15 | 15 | 11,0 | 10,0 | 0,00 | 0 | 71,0000 |